

### *Grazas polos teus tres regalos*

**Xesús, cada domingo vimos á comunidade parroquial** a atoparnos contigo, a sentir a túa presenza resucitada no medio de nós. Cada domingo na eucaristía alimentas a nosa fe cos tres grandes agasallos de Pascua: **a Palabra, o Pan e a Misión.**

**Grazas pola túa Palabra chea de paz, de luz, de forza,** que nos empuxa a lanzarnos aos mares da vida con confianza, e guíanos para que botemos as redes "**no teu nome**" para a pesar do desencanto, sendo prolongación das túas mans, e poidamos recoñecerte e confesarte: **É o Señor!**

**Grazas porque cada domingo preparas a mesa do Pan** e lémbbrasnos: "**Vamos, comede**"! Así, recibimos o teu alimento, recuperamos as forzas e inxéctasnos a túa mesma vida divina.

**Grazas tamén porque como a Pedro nos envías a unha misión,** a misión de "**amarte**" a ti e a coidar os nosos irmáns, sendo testemuñas do amor que ti e o Pai nos tedes.

**Xesús, grazas por facerte presente no medio de nós** na comunidade parroquial. Grazas por estes belos agasallos que nos fas en Pascua. Saberemos recoñecerte e **confesarte: "é o Señor"**.



"Señor, ti sabes que sempre te quixen e que te sigo querendo. A pesar de que me custa verte vestido de pobre, a pesar das miñas dúbidas de fe, ti sabes que te quero. Quérote porque me quixeches primeiro, confías nas miñas posibilidades". (F.

1-05-2022

Domingo de Pascua -3º-C



É Xesús!, só El

fai milagres no cotián

# Pascua 3º



**Feitos dos Apóstolos 5, 27b-32. 40b-41: Testemuñas disto somos nós e o Espírito Santo.**

**Salmo 29: Heite enxalzar, Señor, porque me libraches.**

**Apocalipse 5, 11-14 Digno é o Año degolado de recibir o poder a riqueza.**

**Xoán 21,1-19: Xesús achégase, toma o pan e dállelo e o mesmo o peixe. (Breve)**

**Narrador:** Naquel tempo Xesús apareceu outra vez aos discípulos xunto ao lago de Tiberíades. E apareceu desta maneira: Estaban xuntos Simón Pedro, Tomé, alcumado o Xemelgo; Natanael, o de Caná de Galilea; os Zebedeos e outros dous discípulos seus. Simón Pedro díxolles:

**Pedro:** -«Vou pescar».

**Narrador:** Eles contestan:

**Apóstolos:** -«Imos tamén nós contigo».

**Narrador:** Saíron e embarcáronse; e aquela noite non colleron nada. Estaba xa amecendo, cando Xesús se presentou na beira; pero os discípulos non sabían que era Xesús. Xesús díxolles:

**Xesús:** - «Rapaces, tedes peixe?».

**Narrador:** Eles contestaron:

**Apóstolos:** -«Non».

**Narrador:** El díxolles:

**Xesús:** -«Botade a rede á dereita da barca e atoparedes».

**Narrador:** Botárona, e non podían sacala, **pola multitude de peixes.** E aquel discípulo a quen Xesús amaba díxolle a Pedro:

**Xoán -«É o Señor».**

**Narrador:** Ao oír que era o Señor, Simón Pedro, que estaba espido, atouse a túnica e botouse á auga. Os demais discípulos achegáronse na barca, porque non distaban de terra máis que uns douscentos cóbados, remolcando a rede cos peixes. Ao saltar a terra, ven unhas brasas cun peixe posto encima e pan. Xesús díxolles:

**Xesús -«Traede dos peixes que acabades de coller».**

**Narrador:** Simón Pedro subiu á barca e arrastrou ata a beira a rede repleta de peces grandes: cento cincuenta e tres. E aínda que eran tantos, non rompeu a rede. Xesús díxolles:

**Xesús:** -«Vamos, xantade».

**Narrador:** Ningún dos discípulos atrevíase a preguntarlle quen era, porque sabían ben que era o Señor. Xesús achégase, toma o pan e dállo, e o mesmo o peixe. Esta foi a terceira vez que Xesús apareceu aos discípulos despois de resucitar de entre os mortos.,  
(Narrador -Xesús -Apóstolos -Pedro -Xoán)



**É Xesús!, só El fai milagres no cotián**

## 1. VER: O encontro cun amigo

-Sempre desexamos ver e estar cos amigos, sobre todo se hai tempo que non o facemos por estar lonxe. **Que sentides ao atoparvos?, Que facedes?**

-Pascua é un tempo especial para os cristiáns, celebramos a alegría de Cristo resucitado que vive e está presente entre nós. No templo colocamos flores, carteis coa frase “Cristo vive, aleluia!”, o cirio pascual aceso, a auga... É a primavera da Igrexa porque Cristo vive .

**Estase notando a pascua en ti, no teu grupo ou comunidade?**

## 2. XULGAR: Xesús fai milagres no cotián

-No evanxeo de hoxe, Xesús resucitado preséntase aos apóstolos en pleno traballo, pescando, prepáralles o xantar pois necesitan forzas para saír e ser os seus testemuñas. Xoán é o primeiro que o descobre “É o Señor!”.

### QUE NOS QUERE DICIR?

-Hai persoas que se desalentan, que perden a esperanza, que se cansan. Xesús **anima no cotián.**

\* É fácil desanimarse cando as cousas non saen ben, cando non pescamos nada, cando os resultados non se axustan ao esforzo... Con todo, Xesús Resucitado está atento e **convida, novamente, a lanzar** as redes, a lanzar as ilusións, a non quedarnos na derrota, senón a seguir loitando ata chegar á meta que é descubri-lo a El, nas cores do cotián, tapadas ás veces pola nosa maneira de mirar e de actuar.

Os apóstolos non están a esperar que se lles apareza Xesús, póñense a traballar, búscano, esfórzanse... E aparece Xesús: “é o Señor!”. Se queremos atopalo hai que esforzarse, traballar, buscalo, deixar cousas, poñerse á escoita e el farase o enconradizo.

-**Xesús fai milagres no cotián**, na vida normal. Algúns esperan espectacularidades para ver a Xesús. Xesús segue hoxe achegándose nos nosos traballos e El dálle un “toque”, pon “cor” nas nosas obras grises, fai o milagre de multiplicar o noso pouco de amor, de evanxelizar, de “**botar as redes**” de novo no seu nome, de mellorar o mundo...É a presenza de Cristo Resucitado a que converte o desastre en éxito, o gris en brillante.

**Es cristián na vida diaria? Ves a Xesús na túa vida?**

## 3. ACTUAR: Axúdalle a Xesús a facer pequenos milagres

-Recorda que Xesús achégasenos na actividade, non se estamos ociosos.

-Vede que pequenos milagres Xesús fará en vós se lle botades unha man no vivir cotián, na túa familia, no cole, traballo...

-Dedicade tempo a atoparvos con Xesús na oración, no partir o pan (eucaristía). Aí poderedes sentir a alegría de estar con el e dicir: “É o Señor!”.

-Facede un mural coa frase “**É o Señor**” e vede onde poderedes atopalo hoxe.

**Que imos facer?**